



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia: Fontes de información en humanidades

Materia	Historia: Fontes de información en humanidades			
Código	O02G250V01101			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Correo-e	mdiaz@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia Fontes de Información en Humanidades permite ao alumnado identificar e coñecer a natureza, función e tipoloxía das principais fontes de información no ámbito das humanidades. Permite tamén coñecer e utilizar os principais instrumentos e recursos de recompilación de información existentes, co fin de elaborar repertorios de fontes de información en Historia, Historia da Arte e Xeografía. Por último, capacita aos estudantes para utilizar con destreza distintos estilos de citas e referencias bibliográficas.			

Competencias de titulación

Código			
A18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas.		
A23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica.		
A30	Coñecemento das principais fontes literarias e documentais da Historia da arte		
B3	Capacidade de organización e planificación		
B7	Capacidade de razoamento crítico.		
B9	Traballo en equipo en diversos contextos		
B11	Capacidade de aprendizaxe autónoma		
B14	Motivación pola calidade		

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer os recursos de recompilación e busca de información xeral.	A18	B3 B11
Coñecer e utilizar adecuadamente os instrumentos de recompilación de información en humanidades.	A18	B14
Coñecer e utilizar adecuadamente os sistemas de citas e referencias bibliográficas.	A23	B7 B11
Seleccionar e valorar criticamente as fontes de información nos ámbitos de Historia, Historia da Arte e Xeografía.	A18 A23 A30	B7 B9 B14

Contidos

Tema	
------	--

1.- Fontes de Información xeral	1.1.- Conceptos e vocabulario básico sobre fontes de información. 1.2.- Fontes de información xeral (formatos e soportes). 1.3.- Transferencia e normalización da información. 1.4.- Fontes de información especializada.
2.- Recuperación de información en humanidades.	2.1.- Necesidades de información e tipoloxía das fontes primarias e secundarias en Historia, Historia da Arte e Xeografía. 2.2- Recursos para identificar e localizar información en humanidades.
3.- Sistemas de citas e referencias bibliográficas.	3.1.- Normas e estilos de citas e referencias bibliográficas. 3.2.- Xestores bibliográficos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	16	16	32
Eventos docentes e/ou divulgativos	4	4	8
Obradoiros	15	10	25
Traballos tutelados	4	25	29
Probas de resposta curta	2	10	12
Traballos e proxectos	5	5	10
Informes/memorias de prácticas	0	25	25
Outras	0	0	0
Probas de autoavaliación	3	5	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións de aula encamiñadas a tomar contacto co alumnado, presentar a materia e coñecer as súas competencias, motivacións e intereses.
Sesión maxistral	Exposicións introdutorias nas que se familiarizará o alumnado coas principais fontes de información, a súa valoración crítica, os recursos de recompilación existentes e a utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Saída de estudos na que se analizará in situ unha ruta de turismo cultural. Asistencia a conferencias e debates sobre Historia, Arte e Xeografía nos que se analizarán as fontes de información utilizadas.
Obradoiros	Prácticas na aula de informática nas que se utilizarán os recursos electrónicos de selección de información e os estilos e xestores de referencias bibliográficas para buscar, valorar e presentar as fontes de información necesarias para elaborar un itinerario cultural por Ourense.
Traballos tutelados	Actividades en grupo nas que se tutelará a realización dun proxecto consistente na búsqueda, valoración e presentación das fontes de información necesarias para elaborar un itinerario cultural por Ourense.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada realizarase a través das titorías en grupo e de TIC, a partir das ferramentas propias da plataforma TEM@. Consistirá na revisión por parte do profesorado dos exercicios e probas de avaliación escritas, así como no seguimento dos traballos que deberá realizar o alumnado.
Obradoiros	A atención personalizada realizarase a través das titorías en grupo e de TIC, a partir das ferramentas propias da plataforma TEM@. Consistirá na revisión por parte do profesorado dos exercicios e probas de avaliación escritas, así como no seguimento dos traballos que deberá realizar o alumnado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta curta ou tipo test.	30
Eventos docentes e/ou divulgativos	A avaliación da asistencia e participación nos eventos docentes e divulgativos realizarase mediante a elaboración dun breve informe sobre o seu contido e utilidade para o estudo da materia Fontes de Información en Humanidades.	10

Obradoiros	A avaliación dos obradoiros realizarase mediante a elaboración dunha memoria na que se describirá pormenorizadamente o proceso de búsqueda e selección das fontes de información integradas no traballo de curso.	20
Traballos tutelados	A avaliación dos traballos tutelados realizarase mediante a elaboración, montaxe e exposición dun itinerario cultural por Ourense. O traballo incluírá unha descrición da ruta seleccionada (ámbito xeográfico, duración, elementos patrimoniais que inclúe, etc.) e unha memoria na que se recollerán e valorarán as fontes de información necesarias para elaborar unha guía do itinerario.	30
Outras	En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase a asistencia e participación do alumnado.	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles estudantes que non poidan acollerse á modalidade presencial serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 40% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 60% desta.

Os estudantes que realicen os exames finais deberán entregar, o día do exame oficial, un traballo consistente no deseño dun itinerario cultural por Ourense que incluírá unha descrición da ruta seleccionada (ámbito xeográfico, duración, elementos patrimoniais que inclúe, etc.) e unha memoria na que se recollerán e valorarán as fontes de información necesarias para elaborar unha guía do itinerario.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica

Alía Miranda, F. (1998): *Fuentes de información para historiadores: obras de referencia y bibliográficas*. Gijón, Trea. OUR 930/19

Brocos Fernández, J. M.; Ortiz de Landázuri, C. (2006): [Métodos de búsqueda en fuentes de información en ciencias sociales y humanidades], *Aracne. Revista electrónica de recursos en Internet sobre Geografía y Ciencias Sociales*. [En liña] Universitat de Barcelona <http://www.ub.es/geocrit/aracne/aracne-083.htm> [Consulta 19/06/2009]

Carrizo Sainero, G.; Irureta-Goyena Sánchez, P.; López de Quintana Sáenz, E. (2000): *Manual de fuentes de información*. Madrid, Confederación Española de Gremios y Asociaciones de Libreros. OUR 02 /128

Cómo elaborar e interpretar referencias bibliográficas. [PDF en liña] Universidad de La Rioja <http://biblioteca.unirioja.es/bdg/bdgcitas.pdf> [Consulta 19/06/2009]

Maldonado Martínez, A. (coord.) (2001): *La información especializada en Internet: directorio de recursos de interés académico y profesional*. Madrid, CSIC. OUR 02 /176

Romanos de Tiratel, S. (2000): *Guía de fuentes de información especializadas: humanidades y ciencias sociales*. Buenos Aires, GREBYD. OUR 02 /286

Bibliografía específica

Abadal Falgueras, E.; Codina Bonilla, LI. (2005): *Bases de datos documentales: características, funciones y método*. Madrid, Síntesis. OUR 02 /324

Aguilera Arilla, M^a J. et al. (2003): *Fuentes, tratamiento y representación de la información geográfica*. Madrid, UNED. OUR 910 /82

Amat i Noguera, N. (1994): *La documentación y sus tecnologías*. Madrid, Pirámide. 02 AMA doc

Carrizo Sainero, G. (2000): *La información en ciencias sociales*. Gijón, Trea. OUR 3 /21

Cordón García, J. A.; López Lucas, J.; Vaquero Pulido, J. R. (1999): *Manual de búsqueda documental y práctica bibliográfica*. Madrid, Pirámide. OUR 02 /57

Fuentes y documentos para la historia del arte (1982-1983): Barcelona, Gustavo Gili. Depósito: OUR 19673

Garza Mercado, A. (1999): *Fuentes de información en ciencias sociales y humanidades 1: obras generales, administración pública, ciencia política, derecho, relaciones internacionales*. México, El Colegio de México. 01 GAR fue

Martín Vega, A. (1995): *Fuentes de información general*. Gijón, Trea. OUR 02 /43

Salvador Oliván, J. A.; Angós Ullate, J. M^a (2001): *Fuentes de información en línea*. Zaragoza: Prensas Universitarias de la Universidad de Zaragoza, <http://ebro3.unizar.es:8080/bdl/> [Consulta 19/06/2009]

Martínez de Sousa, J. (2007): *Manual de estilo de la lengua española (MELE 3)*. Gijón, Trea. OUR 811.134.2 /383

López Yepes, J. (coord.) (2006): *Manual de ciencias de la documentación*. Madrid, Pirámide. OUR 02 /344

Moreiro González, J. A. (2000): *Manual de documentación informativa*. Madrid, Cátedra. OUR 02 /153

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma TEM@ documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.
